


125 ANIVERSARIO DOS SUCECOS DE MAIO DE 1901 NA CORUÑA

Os sucesos dos días 30 e 31 de maio de 1901 na Coruña marcaron fondamente ao movemento obreiro coruñés. Un paro xeral de tres días paralizou por completo a cidade, en condena polo asasinato dun obreiro na “folga dos consumeiros”.

O medo da burguesía e o estado ante a forza das Sociedades obreiras levou á declaración do estado de guerra e a autoridade militar tomou o mando, có exército e a *Guardia Civil* nas rúas para conter o empuxe da clase traballadora.

A brutal represión deixou as rúas tinguidas de sangue obreira, con sete persoas asasinadas, ducias feridas, e as cadeas ateigadas. Durante meses, militantes e folguistas pasaron por xuízos e consellos de guerra recibindo condenas de ata 20 anos de reclusión.

As Sociedades obreiras foron suspendidas e os seus locais clausurados, pero a clase obreira respondeu coa súa arma máis poderosa, a solidariedade. Unha campaña internacional foi capaz de achegar soporte económico ás vítimas e acadar primeiro a liberación dos presos e presas, e logo o indulto e sobresemento das causas, e tamén a reorganización das Sociedades obreiras.



**125 ANIVERSARIO
OS SUCECOS DE MAIO**

**A CORUÑA OBRERA
NON ESQUECE**

En febreiro de 1902, o militante libertario Ricardo Cotelo atentou no Campo da Leña contra o tenente Vázquez que mandaba as tropas que dispararon ao pobo.

En 1906, a iniciativa das Sociedades obreiras e por subscrición popular, levantouse un monolito no cemiterio de Santo Amaro en lembranza das vítimas.

Cando hai xa 125 anos daqueles feitos, lembramos a aqueles homes e mulleres que foron quen de encher as rúas coas súas arelas de xustiza e liberdade, de esperanza e espírito de loita para desfrutar dunha vida digna que recibir tal nome.

O programa de actos está impulsado polo Ateneo Aurora e Refuxios da Memoria, xunto con organizacións como CGT, CNT, colectivo Naide, Xesta, e a editorial anarquista Bastiana.



Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:

Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:

memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:

ateneoaurora@gmail.com

Facebook:

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

X (twitter):

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

Instagram:

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)



ACTIVIDADES - Marzo e Abril de 2026

26 de Marzo de 2026

Arranca o clube de lectura Aurora coa novela “Nada” de Carmen Laforet

O pasado 26 de marzo comezaron as sesións do Club de Lectura Aurora – Libros na Veciñanza, un espazo para descubrir historias, compartir emocións e sentir a maxia da literatura.

Atoparémonos o último xoves de cada mes, 19:30. Será un momento para intercambiar ideas, comentar impresións e desfrutar da compañía de quen xa ama os libros... ou de quen quere achegarse a eles por primeira vez.



13 de Marzo 2026

CINEFORUM AURORA “O sal da terra”

O compañeiro José P. del Río presentou a proxección do filme “O sal da terra” (*Salt of the earth*) de Herbert Biberman, que abriu o ciclo Cine e Movemento Obreiro no Cineforum AURORA.

No documental de David Hart explóranse os logros e dificultades da construción revolucionaria nas zonas nas que o pobo logrou facer fracasar a sublevación fascista de 1936.

5 de marzo de 2026



Actos en homenaxe ás superviventes do Patronato de Protección a la Mujer

Organizados pola CGT da Coruña e o Ateneo Aurora, celebramos dous actos en lembranza das nenas e mulleres vítimas do Patronato de Protección a la Mujer.

Esta institución franquista, creada en 1941 e que funcionou ata 1985, tiña no convento das Adoratrices un dos seus centros correccionais.

Alí foi colocada unha placa simbólica en memoria das nenas e mulleres que sufriron malos tratos, abusos e opresión. Logo, no salón de actos da Casa Sindical, a investigadora Belén Lopez Cillero e as superviventes Loli G. Benito, Paca Blanco Díaz e Consuelo García del Cid fixeron emocionado relato do sufrimento en diferentes centros do Patronato e da súa loita pola recuperación pública da memoria e da reparación precisa ás vítimas desta ferramenta de opresión franquista contra as mulleres.



ACTIVIDADES - Marzo e Abril de 2026

10 de Abril de 2026

CINEFORUM AURORA “Pan e rosas”



No marco ciclo Cine e Movemento Obreiro no Cineforum AURORA, o compañeiro José P. del Río presentou a proxección do filme “Pan e rosas” (Bread and roses) de Ken Loach, que narra a explotación das persoas encargadas da limpeza nun edificio nos Ánxeles e a súa loita para mellorar as pésimas condicións de traballo, incluído o dereito a sindicarse



19 de Abril de 2026



125 aniversario dos sucesos de 1901: Homenaxe á folga das mesteiras

Cun acto de lembranza da folga das mesteiras, comezou o programa de eventos que lembrarán ao longo deste ano os sucesos de finais de maio de 1901 na Coruña.

Diante do monumento ás mesteiras da praza de Monforte, fixemos un acto público de lembranza á folga das operarias da fábrica de mistos que nos meses de abril e maio de 1901 desenvolveron unha folga en defensa dos seus dereitos e reivindicamos a vixencia da loita obreira



Participa en AURORA
faite socio/a:




Formulario na web:
memorialibertarianagaliza.org

Vindeira Asamblea

Venres, **8 de maio de 2026**, ás **17:30 horas**, na **Casa Sindical da CGT da Coruña**, terá lugar unha nova **Asamblea**.

PRÓXIMAS ACTIVIDADES - Maio e Xuño de 2026

30 de Abril de 2026



Club de lectura AURORA
Libros na veciñanza
Lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 horas

Abri
30

As rulas de Bakunin.
Antón Riveiro Coello

As cartas de Camilo a Rosalía son o fío dunha historia de amor, derrota, cadea, exilio, regreso e memoria... unha viaxe ao longo do s.XX da man dunha familia galega.



CLUB DE LECTURA AURORA “As rulas de Bakunin”, de Antón Riveiro Coello

As cartas de Camilo a Rosalía son o fío dunha historia de amor, derrota, cadea, exilio, regreso e memoria... unha viaxe ao longo do s.XX da man da memoria

28 de Maio de 2026



Club de lectura AURORA
Libros na veciñanza
Lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 horas

Maio
28

Tea rooms: Mujeres obreras.
Luisa Carnés

Novela social, ambientada no Madrid dos anos 30 do s.XX, que abre unha fiestra á realidade da muller obreira e as súas arelas de liberación.



CLUB DE LECTURA AURORA “Tea rooms. Mujeres obreras”, de Luisa Carnés

Novela social, ambientada no Madrid dos anos 30 do s.XX, que abre unha fiestra á realidade da muller obreira e as súas arelas de liberación.

30 e 31 de maio de 2026

Actos centrais do 125 aniversario dos sucesos de 1901

Con motivo destes actos publicaremos un número especial do boletín.

8 de Maio de 2026

CINEFORUM AURORA “O cine libertario: cando as películas fan historia”

Proxección do filme documental de Verónica Vigil e José M^a Almela, do ano como en xullo de 1936, os traballadores do cine en Madrid y Barcelona colectivizaron a industria a través dos sindicatos.



Ciclo
Cine e movemento obreiro

O cine libertario: cando as películas fan historia
Verónica Vigil e José M. Almela, 2010

8 DE MAIO DE 2026 19 H.


CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6



12 de Xuño de 2026

CINEFORUM AURORA “Pride”

Película de Matthew Warchus que narra a unidade na loita dos mineiros de Gales e militantes LGTBI en 1984



Ciclo
Cine e movemento obreiro

Pride
Matthew Warchus, 2014

12 DE XUÑO DE 2026 19 H.

CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6

